



Museo  
do Pobo  
Galego



IEI  
instituto de  
estudos das  
identidades

A Picota - Mazaricos, 1979-05

**Informantes:** Manuela da Pastora (76)

**Compiladora:** Dorothé Schubarth

**Transcripción:** Dorothé Schubarth e Antón Santamarina

723

Si ti vas outro me queda  
todo me será nun ano  
en poñerte en sa morena.

99

Es tan mala coma quina  
inda non queres que cante  
a tía coa zobraña.

585

Caraveliño dourado  
aunque fal'e ri'a todos  
para ti 'starei għuardado.

1168

Heiche d'amar a mais benhe  
heiche d'amar esta nuite  
e mái-la ioutra que vénhe.

1907

Antonio Antoni'Antelo  
Antonio Antonio aquí eu te amo  
Antonio aquí o levo.

1821

Miña María meu ai  
s'eu hei de vivir en pena  
vive ti e mais teu pai.

466

Para Cibes costureira  
para Cibes para Cibes  
para Cibes qu'é ribeira.

393bis

Eu non quero ser agúiro  
non quero ser marmurada  
dos da parroquia de Cuiro.



466

Para Cibes costureira  
para Cibes para Cibes  
para Cibes qu'é ríbeira.

738

Eu de ti non quero nada  
quero daquel caravele  
que está naquela ventana.

1557

Marmuradiña serei  
polo hoxe vendo libre  
polo de mañán non sei-e.

480b

Eu a ti queroche ben  
solo me falta sabere  
si ti mi queres tamén.

476

A Juliña ha de cocere  
dime ti miña Juliña  
onde té-lo ben querere.

1847

Joseíño vaias vere  
as rapaciñas de Beba  
que che quedan a morrere.

103

Costureiriña leal  
costureiriña leal  
eu por ti cosín a vida  
en la punta dun puñal.

2110

Castreliño Castrelán  
comprei uns zapatos novos  
trouhen as sales na man.

1570

Manuela retirada  
nín por eso Manuela  
deixas de ser marmurada.



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudios das  
identidades

554

María miña María  
anque te pintara mouro  
eu millor non che quería.

2083

Delores miña Delores  
heiche de traer un pano  
de vintacincos colores.

Heiche de mandar prendere  
heiche de mandar prendere  
¿ionde foi que ti me vistes  
con mulleres a vendere?

Amor mío vienes tarde  
eu ben sei que tarde vienes  
para mi tienes cumplido,  
para mi cumplido tienes.

419

Estreliña do luceiro  
quen tén amores non dorme  
senón o sono primeiro.

1794

Carmiña do meu lughar  
todos che chaman Carmiña  
eu tamén ch'hei de chamar.